

A Corte Penal Internacional e o futuro das misións de paz

Isabel Lirola Delgado

A participación da Organización de Nacións Unidas na creación da Corte Penal Internacional

A figura dun Tribunal Penal Internacional estivo sempre vinculada á Organización das Nacións Unidas (ONU). Xa desde o comezo do funcionamento da ONU e aínda baixo os efectos dos terribles sucesos acontecidos na ‘Segunda Guerra Mundial’, se expuxo a necesidade de crear un Tribunal Penal Internacional que, xunto cun código de conducta de crimes contra a paz e a seguridade da ‘Humanidade’, servira para sancionar a responsabilidade penal internacional dos individuos polos máis graves crimes de ‘Dereito Internacional’. Durante todo o período da guerra fría, as propostas elaboradas no marco “onusiano” pola Comisión de Dereito Internacional (CDI) víronse obrigadas a durmir o soño dos xustos ata que o contexto internacional a comezos dos anos 90 propiciara a súa recuperación e actualización⁽¹⁾.

A magnitude das violacións dos dereitos humanos cometidas nos conflitos de Ex-Iugoslavia e Ruanda levaron a que durante este período o Consello de Seguridade aprobara a creación duns tribunais penais internacionais *ad hoc*, encargados de establecer a responsabilidade penal internacional dos autores de tales atrocidades. O establecemento dos tribunais para Ex-Iugoslavia e Ruanda probaron que a creación dunha xurisdicción penal internacional era posible, e serviron de impulso para a redacción pola CDI dun novo “Proxecto de Estatuto de Corte Penal Internacional” no que se xuntaba a dimensión material dun catálogo de crimes internacionais e a dun órgano xurisdiccional encargado da súa aplicación⁽²⁾.

Para entón, as opinións públicas e a sociedade civil xa fixeran súa a idea da necesidade de acabar cunha cultura de impunidade que, escudándose ou non en estruturas de poder establecidas, permitía a barbarie. Con este clima favorable, e o apoio dun grupo de estados afíns –entre os que se van incluír Canadá, Australia, os

(1) Sobre os antecedentes da CPI e a súa relación co Proxecto de Código de Crimes contra a Paz e a Seguridade da Humanidade, ver o noso traballo, “A competencia material da Corte Penal Internacional. A relación co proxecto de Código de Crimes contra a Paz e a Seguridade da Humanidade”, en QUEL LÓPEZ, Javier: *Creación dunha xurisdicción penal internacional*, Asociación Española de Profesores de Dereito Internacional e Relacións Internacionais, BOE, Madrid, 2000, pp45-52.

(2) O Estatuto do Tribunal Internacional para o xulgamento dos presuntos responsables de violacións graves do Dereito Internacional Humanitario cometidas no territorio da Ex-Iugoslavia, do 25 de maio de 1993, foi aprobado pola ‘Resolución 827’ (1993) do Consello de Seguridade, e o Estatuto do Tribunal Internacional para o xulgamento dos crimes internacionais perpetrados en Ruanda, do 8 de novembro de 1994, foi aprobado pola ‘Resolución 955’ (1994) do Consello de Seguridade.

‘Estados Membros’ da Unión Europea, a maior parte dos estados latinoamericanos e un número importante de estados africanos–, adoptouse o 17 de xullo de 1998 o ‘Estatuto de Roma’ de Corte Penal Internacional no marco dunha Conferencia Internacional auspiciada por Nacións Unidas. Contra todos os prognósticos desfavorables, o ‘Estatuto’ entraba en vigor. Un vello soño facíase realidade. A Comunidade Internacional por fin contaba cunha xurisdicción penal internacional de alcance xeral: A Corte Penal Internacional.

Unha Corte Independente de Nacións Unidas e complementaria da acción dos Estados

Dous elementos claves definen a CPI. En primeiro lugar, a CPI é unha institución independente que non está subordinada a ningún outro organismo internacional, como solución máis fácil e operativa, coas que se descartou outras que supuxeran a súa integración formal no sistema de Nacións Unidas, mais que foron descartadas polos problemas que establecían.

Así, rexeitouse a posibilidade de crear a CPI a través dunha ‘Resolución’ da Asemblea Xeral, que se ben permitía reflectir o apoio da vontade da Comunidade Internacional, tería obstaculizado a longo prazo o funcionamento da CPI polo seu carácter recordatorio. Barallouse tamén a posibilidade de proceder a unha ‘Reforma da Carta’ que, aínda que tería permitido situar á Corte no mesmo plano que os outros órganos principais de Nacións Unidas, era unha opción politicamente moi difícil por esixir o voto unánime dos cinco membros permanentes do Consello de Seguridade. Finalmente, a pesar de que nalgún momento cobrou forza a opción de recorrer a unha resolución do Consello de Seguridade para a creación da CPI coma un órgano subsidiario, pesaron máis os inconvenientes de que a actividade da Corte quedase supeditada á existencia dunha situación de ameaza á paz e á seguridade internacionais, coas conseguíntes limitacións temporais, espaciais e persoais que isto implicaría para o seu funcionamento e que non resultaban compatibles cunha institución que se pretendía de carácter permanente e xeral⁽³⁾.

Como consecuencia da súa creación a través dun Tratado Internacional, a CPI é de carácter permanente porque conta cun *sistema institucional propio e estable*, destinado a asegurar o seu funcionamento e no que se inclúe a Presidencia, as Seccións e salas, a Fiscalía e a Secretaría⁽⁴⁾, coma órganos de carácter xurisdiccional e un órgano de carácter político, a Asemblea dos ‘Estados Partes’. Asemade, a CPI ten

(3) Sobre estas cuestións, ver LIROLA DELGADO, Isabel e MARTÍN MARTÍNEZ, Magdalena: *A Corte Penal Internacional*, Ariel, Barcelona, 2001, pp65-68.

(4) Os 18 maxistrados da CPI foron elixidos na I Sesión da Asemblea Xeral dos ‘Estados Partes’, celebrada entre o 3 e o 7 de febreiro de 2003, conforme a dúas listas, unha ‘lista A’ composta por expertos en dereito penal, e outra ‘lista B’, formada por internacionalistas, expertos en dereito internacional humanitario e dereitos humanos. O fiscal da CPI, o Sr Luís Moreno Ocampo, foi elixido na mesma sesión o 21 de abril de 2003. Os procesos de votación pódense consultar no enderezo <http://www.un.org/law/icc/asp/aspfra.htm>.

unha clara vocación de universalidade e está aberta á participación de todos os estados que queiran incorporarse e acepten na súa integridade o contido das disposicións do 'Estatuto de Roma', que non admite reservas⁽⁵⁾.

En segundo lugar, as relacións da Corte cos estados se rexen polo *principio de complementariedade*. Quere isto dicir que o 'Estatuto' establece unha presunción inicial a favor da xurisdicción dos tribunais nacionais, que tan só se racha cando estes non queiran ou non poidan facer xustiza. En todo caso, hai que destacar que a competencia da Corte é de carácter automático, de xeito que a condición do 'Estado Parte' determina a aceptación da competencia da Corte nas obrigacións de cooperación internacional e asistencia xudicial coa Corte que, como tal carece dun sistema policial e penitenciario propio, polo que necesariamente deberá apoiarse para o seu funcionamento nos estados. Por outra parte, a Corte non ten unha xurisdicción universal que lle permita entender de calquera asunto, senón unicamente daqueles para os que se teña producido a aceptación da competencia da Corte polo estado do territorio de comisión do crime ou da nacionalidade do acusado⁽⁶⁾.

O vínculo da CPI á Organización das Nacións Unidas

A CPI é independente e autónoma da ONU, sen embargo, está vinculada á mesma nun dobre senso. Por unha parte, a CPI contribúe de maneira decisiva á realización dos principios e propósitos da Carta, e por outra, os órganos das Nacións Unidas, e de xeito sobresaínte, o Consello de Seguridade, participan no sistema da CPI.

Polo que se refire á contribución da CPI á realización dos fins da Organización das Nacións Unidas, a conexión existente entre os obxectivos de ambas institucións recóllese no 'Preámbulo' do "Proxecto de Acordo de Relación entre a CPI e a ONU" e no 'Estatuto de Roma'⁽⁷⁾. En efecto, os crimes que integran a competencia da Corte que aparecen definidos no 'Estatuto': o xenocidio, os crimes de lesa humanidade e os crimes de guerra, unicamente poden concibirse pola súa gravidade en relación con situacións que constitúan unha ameaza para a paz, a seguridade e o benestar da humanidade. Asemade, todos estes crimes refírense a violacións dos dereitos humanos e da dignidade humana de tal magnitude que non só afectan aos individuos que os sofren, senón a toda a Comunidade Internacional no seu conxunto.

Entra así mesmo dentro da competencia da CPI o crime internacional por excelencia, a agresión, que tamén dá lugar as medidas previstas no capítulo VII da

(5) O 'Estatuto de Roma' conta con 139 'Estados asinantes' e 92 'Estados Partes'. Unha relación actualizada do estado de ratificacións do 'Estatuto' pódese ver en <http://untreaty.un.org/ENGLISH/bible/englishinternetbible/partI/chapterXVIII/treaty10.asp>.

(6) Ver LIROLA DELGADO e MARTÍN MARTÍNEZ, op cit, pp65-68.

(7) De acordo co art 2 do 'Estatuto de Roma', a CPI estará ligada coas Nacións Unidas por un acordo que deberá aprobar a Asemblea dos 'Estados Partes' e concluír despois o presidente da Corte en nome desta. O "Proxecto de Acordo de relación entre CPI e ONU" foi elaborado pola Comisión preparatoria para a Corte Penal Internacional que se estableceu pola 'Resolución contida na Acta Final' da 'Conferencia de Roma' e adoptado por consenso na Sesión da Asemblea dos 'Estados Partes', celebrada en Nova Iorque o 30 setembro de 2002.

Carta. Sen embargo, o crime de agresión non aparece definido no ‘Estatuto de Roma’ debido ás dificultades de orde político e xurídico que se suscitaron. Estas dificultades non só afectan ao plano conceptual, senón que se centran fundamentalmente na determinación do órgano político xudicial ao que correspondería establecer a súa comisión. Por esta razón, existe un certo escepticismo acerca de que a agresión se poida incluír efectivamente algunha vez no eido da competencia material da Corte.

En todo caso, a cuestión da agresión non é máis cá punta do iceberg dos problemas que suscita a participación dos órganos da ONU no sistema da Corte, e moi especialmente do Consello de Seguridade. Esta participación xustifícase precisamente na xa sinalada conexión entre os crimes que son competencia da Corte e o mantemento da paz e seguridade internacionais. Partindo deste presuposto o ‘Estatuto’ intentou chegar a unha solución que suporía unha ponderación equilibrada entre a garantía da independencia da CPU e o respecto ás competencias que a Carta das Nacións Unidas atribúe ao Consello de Seguridade en materia de paz e seguridade internacionais. Para isto, o ‘Estatuto’ recoñece ao Consello de Seguridade unha posición claramente privilexiada, que se xustifica na necesidade de compatibilizar as funcións que este órgano ten asignadas en materia de mantemento da paz e da seguridade internacionais, coa vontade de que a CPU sexa un instrumento útil para a consecución deste obxectivo⁽⁸⁾.

Agora ben, unha cousa é predicar dende unha perspectiva teórica o maior e menor acerto da solución incorporada polo ‘Estatuto’ á cuestión da participación do Consello de Seguridade no sistema da CPI, e outra distinta son os problemas que tal solución suscita dende unha dimensión práctica. En relación co primeiro aspecto, o ‘Estatuto’ recoñece ao Consello de Seguridade unha dobre competencia de impulso e bloqueo da actividade da CPI. Así, por unha parte, o Consello de Seguridade é un dos suxeitos lexitimados, xunto cos ‘Estados Partes’ e o Fiscal, para remitir unha situación a suspenda, por un prazo de doce meses, a investigación ou o proceso xudicial que tivera iniciado.

Esta posición privilexiada do Consello de Seguridade no sistema do ‘Estatuto de Roma’ presenta a vantaxe de ofrecer ao órgano político de Nacións Unidas a posibilidade de recorrer a un marco institucional permanente de carácter xurisdiccional cando unha situación de ameaza á paz e á seguridade internacionais estea ligada á sanción da responsabilidade penal do individuo. Deste xeito, evítase que o Consello de Seguridade teña que botar man da creación de órganos *ad hoc*, cos perigos de trato discriminatorio de situacións similares en función de presións políticas, mediáticas ou intereses xeostratéxicos. Neste sentido, podemos preguntarnos porque as violacións aos dereitos humanos e ao Dereito Internacional Humanitario cometidas no conflito de Ex-Iugoslavia ou Ruanda deron lugar á creación duns tribunais penais internacionais e, en cambio, non as levadas a cabo en Timor ou Colombia, por citar algún exem-

(8) Sobre esta cuestión, ver PAOLILLO FELIPE, H.: *O Consello de Seguridade nos procedementos da Corte Penal Internacional*, Liber Amicorum of judge José María Ruda, Kluwer Law International, La Haya-Boston-Londres, 2000, pp247-264.

plo. Por esta razón, unha das principais contribucións do ‘Estatuto’ é a posibilidade de que o Consello de Seguridade opte por remitir á CPI situacións que representen unha ameaza á paz e á seguridade internacionais e que sexa esta a que determine a responsabilidade penal dos individuos implicados⁽⁹⁾.

Agora ben, esta solución ten o risco de recoñecer claramente a primacía do órgano político fronte ao xudicial e, polo tanto, de quedar ao arbitrio dos intereses dos membros permanentes do Consello de Seguridade, tal como a práctica máis recente se encargou de demostrar. A estes efectos hai que recordar que, por iniciativa dos Estados Unidos, o Consello de Seguridade aprobou por unanimidade a ‘Resolución 1422’, do 12 de xullo de 2002, en virtude da cal a Corte non iniciará nin proseguirá investigación ou xuízo algún contra funcionarios, ex-funcionarios, persoal ou antigo persoal de calquera estado non parte do ‘Estatuto’ que aporte continxentes en operacións establecidas ou autorizadas por Nacións Unidas durante un período de doce meses a partires do 1 de xullo de 2002. A maior reflexión, esta resolución foi renovada por un ano pola ‘Resolución 1487’ de 12 de xuño de 2003⁽¹⁰⁾. Estamos, sen dúbida, ante unha interpretación “fraudulenta” do ‘Estatuto’ que, como se ten dito, non tiña como propósito permitir que o Consello de Seguridade puidese, con planificada premeditación, “suspender *ad finitum* unha investigación ou un xuízo”, senón permitirlle facelo cando as circunstancias dun asunto, nun momento dado, o requirisen⁽¹¹⁾.

A “oposición” dos EEUU á CPI

A ‘Resolución 1422’ (2003) é unha manifestación máis da oposición que os EEUU mantiveron respecto á CPI, e que está a condicionar de xeito moi importante a potencialidade da CPI coma instrumento para a consecución dos fins da Carta. É ben coñecido que os EEUU apoiaron intensamente a creación dos Tribunais Penais Internacionais para Ex-Iugoslavia e Ruanda, e eran partidarios da creación dunha Corte Penal Internacional. Sen embargo, a medida en que foron observando, tanto durante o proceso de elaboración do ‘Estatuto’ no marco do Comité preparatorio, coma na propia ‘Conferencia de Roma’, que non eran capaces de impor unha Corte a súa medida, foron retirándolle o seu apoio.

A oposición dos EEUU á CPI céntrase fundamentalmente na posibilidade de que, aínda a pesar de non ser ‘Estado Parte’, a aceptación da competencia da CPI polo estado do territorio poida permitir que sexan xulgados pola CPI nacionais dos EEUU ou persoal ao servizo do exército dos EEUU. Tales temores son realmente infundados, na medida en que, como xa temos visto, o sistema da CPI apoia-se sobre o princi-

(9) Ver LIROLA DELGADO e MARTÍN MARTÍNEZ, op cit, p73.

(10) A ‘Resolución 1487’ (2003) foi adoptada por 12 votos a favor, coas abstencións de Francia, Alemaña e Siria.

(11) Cf GUTIÉRREZ ESPADA, Cesáreo: *A Corte Penal Internacional (CPI) e as Nacións Unidas. A discutida posición do Consello de Seguridade*, Anuario de Dereito Internacional, vol XVIII, 2002.

pio de complementariedade, polo que no caso de que tales persoas se viran inmersas nunha situación que puidera entrar dentro da competencia da CPI, os tribunais dos EEUU serían incompetentes para xulgalos, e tan só no caso de que estes non o fixeran ou non o fixeran de modo axeitado, entendería a CPI do asunto. Evidentemente, tal concepción xurídico-formal non recolle as consecuencias e implicacións de índole política que se desenvolverían polo mero feito de que esas persoas puideran ser acusadas ante a CPI, e que son a raíz do problema.

Por iso, a pesares de que a Administración Clinton firmou o ‘Estatuto de Roma’ o 31 de decembro de 2000, posteriormente, a nova Administración republicana notificou formalmente ao secretario xeral de Nacións Unidas, como depositario do ‘Estatuto de Roma’, na primeira semana de maio de 2002, a intención dos EEUU de non formar parte do mesmo (isto faría Israel en agosto do mesmo ano). Desta maneira pretendeuse evitar a obriga que impón a ‘Convención de Viena sobre Dereito dos Tratados’ (art 18.a) ao Estado signatario dun Tratado internacional de “absterse dos actos en virtude dos cales se frustran o obxecto e fin dun Tratado”.

En efecto, dende entón os EEUU tomaron toda unha serie de medidas en contra da CPI, entre as que destacan de xeito moi sobresaínte a adopción polo Congreso en agosto de 2002 da “*American Servicemembers Protection Act*” (ASPA). En virtude desta lei, se restrinxen a cooperación dos EEUU coa CPI, se condiciona a participación dos EEUU en operacións de mantemento da paz á consecución de inmuniidade para o persoal dos EEUU, e mesmo se permite que o presidente dos EEUU autorice o recurso a todo tipo de medidas (“*any means necessary*”) para subtraer a tales persoas da custodia da CPI. Velaí que o ASPA sexa tamén coñecida co nome de “Lei de Invasión de La Haya”, en alusión á posibilidade de que forzas dos EEUU puideran interromper na sede da CPI para proceder á liberación do seu persoal que estivera alí detido.

Nesta mesma dirección de oposición á CPI, sitúase a conclusión polos EEUU dunha serie de ‘Acordos de Inmuniidade’ cun grupo de estados, destinados a excluír aos cidadáns americanos e persoal militar ao servizo dos EEUU da xurisdicción da CPI. A aceptación de ditos acordos funciona como condición para o aproveitamento da axuda económica e militar americana dos EEUU a estes países (na súa maioría democracias fráxiles ou economías débiles)⁽¹²⁾. Ditos acordos teñen a súa base na posibilidade que abre o ‘Estatuto’ (art 98.1) para que a Corte non dea curso a unha solicitude de entrega ou de asistencia “pola cal o Estado requirido deba actuar de forma incompatible coas obrigas que lle imporía o dereito internacional con respecto á inmuniidade dun estado ou á inmuniidade diplomática dunha persoa ou un ben dun terceiro estado para a renuncia á inmuniidade”. Novamente estamos ante unha interpretación “fraudulenta” do ‘Estatuto de Roma’, xa que esta disposición contempla o respecto á inmuniidades recoñecidas polo ‘Dereito Internacional’, mais o seu obxecto

(12) O texto de ASPA e a lista de estados que asinaron os ‘Acordos de Inmuniidade’ con EEUU poden consultarse no enderezo <http://www.iccnw.org/documents/usandtheicc.html>.

non é en absoluto abrir a posibilidade á conclusión de ‘Acordos de Inmidade’ destinados a limitar a operatividade da CPI⁽¹³⁾.

O papel da CPI no escenario internacional posterior ao “11-S”

Os acontecementos do “11-S” e as súas consecuencias evidenciaron a existencia dun escenario internacional caracterizado por unha intensificación da actuación unilateral dos EEUU e unha progresiva discriminación das Nacións Unidas, limitada no mellor dos casos a validar ditas actuacións unilaterais. ¿Que papel pode desempeñar a CPI nun contexto coma o descrito?, ou noutras palabras, ¿de que modo pode a CPI contribuír á realización das funcións das Nacións Unidas, nun momento no que estas se atopan bastante limitadas na súa capacidade de actuación? Na nosa opinión, a CPI é un instrumento extraordinariamente valioso no escenario posterior ao “11-S”, cunhas posibilidades que non están debidamente aproveitadas por mor da férrea oposición dos EEUU, e da situación de marxinação na que estes colocaron ás Nacións Unidas.

Nun primeiro lugar, tanto os feitos constitutivos dos ataques terroristas do “11-S”, coma os que serviron para xustificar o uso da forza armada en Afganistán e en Iraq, refírense a situacións que pode considerarse que entran dentro da competencia da CPI. Certamente, o ‘Estatuto’ non inclúe ao terrorismo dentro da competencia da CPI, debido ás discrepancias sobre o carácter consuetudinario desta figura que se suscitaron no momento da ‘Conclusión do Estatuto’, aínda que o terrorismo apareza mencionado xunto co tráfico de drogas na ‘Resolución E’ do ‘Anexo I’ da Acta Final da Conferencia, coma un dos crimes sobre os que no futuro haberá que chegar a unha definición aceptable, para que poida quedar comprendido na lista de crimes competencia da Corte.

Sen embargo, pese a ausencia de tal definición, os atentados do “11-S” poden considerarse coma un crime de lesa humanidade “cometido” como parte dun ataque xeneralizado, ou sistemático contra unha poboación civil e con coñecemento de dito ataque. A mesma valoración puidera darse aos crimes hipoteticamente cometidos polos talibáns en Afganistán contra a poboación civil, (especialmente as mulleres), ou aos cometidos a Iraq contra os opositores do partido *Baaz* ou contra grupos étnicos determinados, coma o pobo kurdo, ou os chiíes, tendo en conta que estes feitos poderán mesmo considerarse dentro do eido do crime de xenocidio⁽¹⁴⁾.

Certo é que a maioría destes crimes, dende logo ese é o caso dos atentados do “11-S”, foron cometidos antes da data de entrada en vigor do ‘Estatuto’ (01/07/2002).

(13) Con plantexamentos moi similares aos que mantemos, ver GÜELL PERIS, Sonia: *Ofensiva xurídica contra a Corte Penal Internacional*. Política Exterior, núm 94, xullo/agosto 2003, pp146-150.

(14) Cf, entre outros, as reflexións de carácter xeral de ABI-SAAB, Georges: *There is no need to reinvent the law*, en A Defining Moment, International Law since September 11, no enderezo <http://www.crimesofwar.org/sept-mag/sept-abi.html>.

Esta data determina a competencia temporal da CPI, que tan só pode coñecer dos feitos que se cometeran con posterioridade. Con todo, o Consello de Seguridade podería admitir impugnación ou recurso á CPI, coma institución xa existente para que determinase a responsabilidade penal internacional dos individuos implicados. É dicir, a CPI podería ser utilizada polo Consello de Seguridade coma unha especie de CPI *ad hoc* permanente⁽¹⁵⁾.

Unha solución deste tipo, que non excluía outras que o Consello de Seguridade puidera autorizar, sería moito máis axeitada cá utilización unilateral de medidas do uso da forza, que tan só serviu para agravar a situación, xa de por si dramática, dunhas poboacións civís moi castigadas. Asemade, están aínda por demostrar a adecuación de tales medidas aos fins de “protección dos dereitos humanos” e “democratización da sociedade” que serviron para xustificalas.

O futuro da CPI depende do axeitado funcionamento do sistema de seguridade da Organización de Nacións Unidas

A análise ata aquí realizada pon de manifesto que a CPI é un elemento útil para a consecución dos fins das Nacións Unidas e, en concreto, para contribuír ao restablecemento da paz e da seguridade internacionais no escenario internacional posterior ao “11-S”. Sen embargo, a CPI non serviu ata o de agora para tal propósito, debido á marxinación da que ten sido obxecto a ONU, e á férrea oposición dos EEUU. Á vista de tales reflexións, resulta claro que o futuro da CPI depende en boa medida do axeitado funcionamento do sistema recollido na Carta das Nacións Unidas.

É certo que ao estar apoiada nun número tan alto de Estados, (92 ‘Estados Parte’), a mera existencia da CPI ten unha función preventiva que non se pode minusvalorar. Ao mesmo tempo que esta función resulta claro que a CPI pode chegar a ter un papel importante na sanción dos crimes internacionais e na reparación das vítimas en todas aquelas situacións nas que non se atopen afectados os intereses de ningún dos membros do Consello de Seguridade. Mesmo cabería pensar que os EEUU non se oporían a que a CPI coñecese situacións nas que non tiveran ningún tipo de interese. Por iso non é de estrañar que o Fiscal da CPI se centrara polo de agora nas súas investigacións da situación en Ituri (República Democrática do Congo) e puxera de manifesto que nin o Consello de Seguridade nin ningún ‘Estado Parte’ no ‘Estatuto’ lle remitiran situacións que afecten á competencia da CPI. Polo contrario, o fiscal recibiu 499 comunicacións de ONGs e individuos de 66 países⁽¹⁶⁾.

(15) Tal como tiña suxerido CONDORELLI, Lluigi: *La Cour Pénale Internatinal. Un pas de géant (pourvu qu’il soit accompli...)*, RGDI, 1999, pp16-17.

(16) Ver o “Informe do fiscal da CPI, Sr Luís Moreno Ocampo, á “Asemblea de Estados Partes do Estatuto de Roma Internacional”, de 8 de setembro de 2003, no enderezo <http://www.iccnw.org/documents/statements/others/LMOstatementASP8Sept03.pdf>.

Resulta así que os obstáculos para que a CPI poida ser un instrumento que contribúa de xeito efectivo á paz e a seguridade internacionais se suscitan en relación con aquelas situacións de ameaza á paz e seguridade internacionais que interfiran cos intereses dos membros do Consello de Seguridade. No contexto internacional actual, e sen prexuízo de que se poidan dar situacións que puideran afectar a outros membros (por exemplo a China ou a Rusia), parece que, como xa tivemos ocasión de ver, a CPI resulta particularmente molesta aos EEUU. Fronte ás posibilidades que abre a CPI para sancionar aos individuos responsables dos máis graves crimes internacionais dende unha instancia imparcial que conta co respaldo dun número moi importante de Estados (92 Estados partes), estes optaron pola acción unilateral que chega a xustificar os ataques preventivos no marco das exposicións recollidas en “*The National Security Strategy of the United States of America*” (A estratexia nacional sobre a seguridade dos Estados Unidos de América)⁽¹⁷⁾.

A oposición dos EEUU á CPI tivo como consecuencia que de modo intencionado se omitira na práctica máis recente do Consello de Seguridade a referencia ao papel da CPI. Así aconteceu na ‘Resolución 1497’ do 1 de agosto de 2003, adoptada polo Consello de Seguridade en relación á situación con Liberia no marco do ‘Capítulo VII’ da Carta, e pola que se crea unha forza multinacional. Na citada resolución establécese expresamente a inmunidade respecto da CPI dos ‘Estados non Partes’ no ‘Estatuto de Roma’ que participen na devandita forza multinacional⁽¹⁸⁾. Así aconteceu tamén a propósito da adopción da ‘Resolución 1502’ do 26 de agosto de 2003, a instancias de México, despois do atentado terrorista contra a sede das Nacións Unidas en Bagdad⁽¹⁹⁾. Se ben esta resolución establece que os ataques con coñecemento e intencionalmente dirixidos contra o persoal involucrado na asistencia humanitaria ou en operacións de mantemento da paz constitúen “crimes de guerra”, debido á presión americana se retirou calquera alusión á CPI, coma órgano encargado da sanción de tales crimes.

Á vista dos feitos, parece claro que a capacidade da CPI para constituír un instrumento que contribúa plenamente ao mantemento da paz e da seguridade internacionais, e ao respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais, depende en moi boa medida do propio funcionamento de Nacións Unidas. Un funcionamento que, coma o propio secretario xeral recoñeceu recentemente, ten que ser revisado⁽²⁰⁾. Na medida en que a Organización siga marxinada do sistema internacional e non sexa capaz de realizar as súas funcións, a CPI verá moi diminuída a súa capacidade de actuación. Esta situación resulta canto máis insatisfactoria á luz das graves consecuencias ás que conduciron a adopción de medidas do uso da forza contra Iraq ao marxe das Nacións

(17) Documento dispoñible en <http://www.whitehouse.gov/nsc/nss.html>.

(18) O texto da ‘Resolución 1497’ (2003) pode consultarse en <http://www.iccnw.org/documents/declarations-resolutions/unbodies/1497/SCRes1497.pdf>.

(19) O texto da ‘Resolución 1502’ (2003) pode consultarse en <http://www.iccnw.org/documents/declarations-resolutions/unbodies/1502/SCRes1502.pdf>.

(20) Entre outros, ver a “Mensaxe do Secretario Xeral no día das Nacións Unidas”, Nova Iorque, 24 de outubro de 2003, en <http://www.un.org/spanish/aboutun/sg/mensajes/unday03.htm>.

Unidas, cunhas consecuencias que están a servir para pór dunha vez de manifesto que as máis graves crises internacionais e as situacións que representan unha ameaza para a paz e a seguridade internacionais tan só poden ser axeitadamente resoltas no marco do sistema de seguridade que recolle a Carta.

Como sinalou Sergio Vieira de Mello, o que fora o alto comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, a CPI “constitúe un acontecemento histórico que fai realidade os esforzos colectivos da Comunidade Internacional por establecer un marco xurídico universal que acabe coa impunidade dos crimes máis graves contemplados polo ‘Dereito Internacional’, e representa a reafirmación do compromiso cos dereitos humanos, as liberdades fundamentais e a xustiza”⁽²¹⁾. En efecto, para que a xustiza penal internacional contribúa á realización dun mundo máis seguro, ten que poder exercerse sobre todos, e nun marco de respecto á orde internacional representado pola Carta de Nacións Unidas. O risco doutro tipo de propostas está claro: a xustificación da impunidade en función dos intereses, do xendarme mundial ou de quen mande en cada momento.

Isabel Lirola Delgado é licenciada e doutora en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e diplomada en Dereito Europeo pola Universidade Libre de Bruxelas (Bélxica). É autora de diversas publicacións no ámbito do Dereito Comunitario, o Dereito Penal Internacional e o Dereito do Mar.

(21) Declaracións de Sergio Vieira de Mello, alto comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, con ocasión da inauguración da CPI, no enderezo <http://www.iccnw.org/espanol/articulos.htm>.